

RESOLUCIÓN DUNHA SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN NO CAMIÑO DE SANTIAGO

EXPEDIENTE: SPR-2023-1861.AUI
ASUNTO: DESPREGUE DE FIBRA ÓPTICA. PROXECTO DE EXPANSIÓN DE INFRAESTRUTURA 5G
INTERESADA: IBIO INFRAESTRUTURAS SL
SITUACIÓN: LUGAR DE TARRÍO
PARROQUIA: SANTIAGO DE VILARIÑO
CONCELLO: CASTROVERDE (LUGO)

1.- ANTECEDENTES E FEITOS

- O 11.11.2024, entrou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm. 2024/3201558), remitida polo Concello de Castroverde unha solicitude de autorización, presentada por Luis Marina García-Barón en representación de Ibio Infraestructuras SL o 28.10.2024, para o *Proxecto de expansión de infraestrutura 5G* no concello da Castroverde, por afectar ao territorio histórico do Camiño de Santiago-Camiño Norte, ruta do interior.
- Achégase memoria técnica na que se describen as características da intervención.

2.- CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

2.1 En data 9 de decembro de 2024 persoal da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural -DXPC- emite informe técnico de arqueoloxía que indica: "

- Teño en conta para redactar este informe a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, -en diante LPCG, publicada no DOG núm. 92, do 16.5.2016-; e o Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 6.8.1997).
- Segundo a documentación presentada, o obxecto da actuación é conectar a antena de 5G coa rede de telecomunicación existente. Para isto, é necesario colocar unha nova arqueta de 40x40x40 cm nas proximidades do recinto da antena existente e realizar unha canalización en gabiá de 965 m ata un poste de Telefónica. Desde este poste continuarase de maneira aérea 75 m ata o enlace co punto de interconexión de Adamo.
- Na descrición dos traballos non consta a colocación de novos apoios, utilizándose un poste xa existente.
- A actuación afecta a traza oficial histórico do Camiño de Santiago-Camiño Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Primitivo ou de Ovedo, e ao seu territorio histórico segundo o Decreto 267/2012, de 5 de decembro, polo que se aproba a súa delimitación. O Camiño de Santiago- Camiño Norte foi declarado **Patrimonio da Humanidade** pola UNESCO no ano 2015 e, de acordo co artigo 75.1 da LPCG, ten a consideración de Ben de Interese Cultural.
- Cómpre sinalar que a excesiva e desordenada presenza de cableado aéreo, tanto en núcleos de poboación como en ámbitos rurais, é unha realidade constante na paisaxe galega e unha das principais causas de contaminación visual e deturpación ambiental. Polo tanto, para mellorar ou conservar a calidade paisaxística, non se deben aumentar o número de postes, e a instalación de novos servizos debe ser proxectada de forma soterrada ou, ao menos, aproveitando e ordenado os tendidos existentes, máxime cando se trata de zonas con valores patrimoniais ou paisaxísticos.



6. O artigo 39 establece que as intervencións que se pretendan realizar en BIC ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.
7. Consonte ao artigo 30 da LPCG, os bens inmobles que polo seu interese cultural se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección. Segundo a disposición adicional 3ª da lei, os catálogos do planeamento xeral municipal ou do plan de desenvolvemento terán a consideración de normativos no referido ás actuacións e condicións de protección, e definirán os tipos de intervención posible e o nivel de protección de cada ben incluído neles, así como as determinacións específicas que se consideren necesarias.
8. O artigo 44 da LPCG establece que as actuacións que se leven a cabo sobre bens de interese cultural e catalogados seguirán como criterio a salvagarda dos seus valores culturais e a conservación mellora e no seu caso utilización adecuada e sostible.
9. Segundo o artigo 74.1 da LPCG, o conxunto de rutas dos Camiños de Santiago está constituído polas vías de dominio e uso público, os seus elementos funcionais e o territorio que o define.
10. No Anexo IV das *Directrices da paisaxe de Galicia* (Decreto 238/2020, de 29 de decembro, DOG nº 20, do 01.02.2021), sinálase que, co obxecto de minimizar o impacto paisaxístico e visual das infraestruturas de telecomunicacións e de conformidade co establecido na determinacións 4.6.7 das DOT, evitárase a súa implantación en lugares protexidos pola lexislación reguladora do patrimonio histórico ou pola protección do ambiente, sen prexuízo dos dereitos ocupación do dominio público e privado previstos na lexislación básica en materia de telecomunicacións.
11. Segundo o artigo 77 da LPCG, as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago serán compatibles coa conservación e protección dos seus valores propios, e como criterio xeral deberán manter as características principais do territorio que conforman, o que supoñerá preferentemente o mantemento dos núcleos tradicionais e das actividades agropecuarias e forestais.
12. Na *Guía para a protección do Camiño de Santiago* (Xunta de Galicia, 2012), figura como recomendación que se evitará a introdución doutros elementos que transformen o carácter do Camiño ou que sexan impropios da zona. Asemade, as redes de infraestruturas proxectaranse producindo o menor impacto no patrimonio e procurando a súa máxima integración ambiental, estética e funcional. En todo caso deberán soterrarse e naqueles espazos nos que haxa que executar novas canalizacións.
13. Por outra banda, a *Guía de boas prácticas nos núcleos rurais* (Xunta de Galicia, 2013) contempla que o soterramento das liñas aéreas resulta sempre unha actuación imprescindible na recuperación da calidade ambiental.
14. O Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA) establece, no seu art. 228 relativo ás condicións para a implantación de infraestruturas de servizos, que, nos núcleos rurais, as novas redes deste tipo, tales como as de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, iluminación, telecomunicacións ou gas, deseñaranse e executaranse de tal xeito que se minimicen as afectacións aos elementos naturais ou construídos que caracterizan a paisaxe dos núcleos rurais e a súa contorna funcional inmediata. Para tal fin evitárase, sempre que sexa posible, a destrución de muros, sebes ou pavimentos tradicionais; as novas liñas de electricidade e telecomunicacións serán soterradas, nas rehabilitacións e nas actuacións integrais sobre as fachadas de edificios existentes eliminaranse os tendidos vistos de instalacións; os elementos tales como caixas de distribución, conexión, derivación ou manobra deberán situarse en lugares discretos, e o seu deseño, material e cor escollerase de tal xeito que se minimize o seu impacto visual.
15. Cómpre lembrar que o Camiño de Santiago- Camiño Norte é un ben declarado **Patrimonio da Humanidade**. Esta distinción é un recoñecemento que outorga a UNESCO aos sitios que posúen un valor patrimonial excepcional que, por medio dela, cualifícanse como universais e a súa protección, goce e coidado pasa a ser recoñecido por todos os pobos do mundo, independentemente do territorio no que estean localizados. Trátase polo tanto dun ben patrimonial de primeiro orde e máxima protección no que se valora a riqueza histórica e cultural dos territorios polos que discorre. Así pois, calquera actuación que o afecte debe ser proxectada con especial cuidado á preservación dos seus valores históricos, paisaxísticos, ambientais e sensorias.

2.2 De acordo co indicado, INFORMO:

Que a actuación proposta supón o mantemento de cableado aéreo no territorio histórico do Camiño de Santiago – Camiño Norte, o que é contrario ao que se sinala tanto no PBA como nas guías de boas prácticas para actuacións no



Camiño de Santiago publicadas pola Xunta de Galicia. Porén, dado que utiliza un apoio xa existente e non se instalan novos postes, pode ser autorizada coas seguintes actuacións de obrigado cumprimento:

- De apareceren restos arqueolóxicos non transcurso das obras, terase que comunicar decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.
- Conservaranse as frondosas autóctonas existentes no ámbito da actuación. Preservaranse os valos e peches tradicionais de pedra e as sebes vexetais (se os houber).
- Garantirase en todo momento o paso seguro das/os peregrinas/os e viandantes cunha sinalización adecuada.

Por outra banda, de cara ao futuro, recoméndase retirar os postes e cables aéreos existentes neste ámbito e soterralos, a prol de mellorar a calidade ambiental do Camiño de Santiago, aspecto que se debería ter en conta nas reformas das redes existentes que lle afectan. Esta consideración deberá selle comunicar ás compañías subministradoras e mais ao Concello da Castrovverde”.

3.- CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A. É de aplicación na tramitación e na resolución do expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG):

LPCG, artigo 10. Categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados: “1. Os bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados integranse nalgunha das seguintes categorías:(...) i) Territorio histórico: o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico.

LPCG, artigo 30. Catálogos urbanísticos de protección de bens integrantes do patrimonio cultural: 1. Os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), que conta con aprobación definitiva polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo, publicado no DOG núm. 162 de 27.08.2018 e nos BOP da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra o 28.09.2018.
- Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 101 do 27 de maio).
- As demais normas de aplicación, nomeadamente as referentes ao réxime do solo e á ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural, e particularmente as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.

B. O artigo 39 da LPCG establece que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen na lei.(...)



- C. A directora xeral de Patrimonio Cultural é competente para resolver este expediente, segundo o artigo 30.1. letra f) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e o artigo 14.1.f) do citado Decreto 146/2024, do 20 de maio.

De acordo con todo o indicado, e á vista do informe técnico,

RESOLVO:

Autorizar o *Proxecto de expansión de infraestrutura 5G*, concello de Castroverde, de acordo **co cumprimento obrigado das condicións establecidas no punto 2.2 desta resolución.**

Santiago de Compostela, no día e na hora que constan na marxe esquerda.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

María Carmen Martínez Insua

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

